



*ti gañas*

**VOTA  
CCOO**

**O noso compromiso  
é o emprego**

**Eleccións á Xunta de Persoal  
Abril 2010  
Universidade de Vigo**

Despois de catro anos chegou o momento de facer balance dun período de Xunta de Persoal no que a maioría absoluta dun sindicato só supuxo, novamente, **inestabilidade, confrontación e falta de consenso**.

Nestes catro anos, a actuación da Xunta de Persoal foi insuficiente para acadar mellores condicións de traballo para o PAS funcionario desta Universidade, por mor do clima de enfrontamento, tanto no seo da propia Xunta de Persoal como nas relacións coa Universidade.

Na maioría dos casos utilizouse a maioría absoluta no órgano de goberno de todo o persoal de Administración e Servizos como arma arreboladiza e como instrumento para lograr obxectivos sindicais que están fóra do ámbito da representación do PAS.

Poderíamos trazar unha liña que divide este período en dous. Unha primeira fase na que, mentres o sindicato maioritario contou cun amigo na Xerencia, calquera cousa, mesmo saltando por riba da legalidade, foi posible. E unha segunda na que houbo episodios constantes de insultos e menosprezos para calquera que tentase seguir traballando a prol dos compañeiros e compañeiras do PAS F, dado que a Xerencia xa non era «amiga».

Ao final deste período temos unha pobre bagaxe de logros e mellores laborais.

O 21 de abril iniciárase unha nova etapa tras as votacións, e CCOO quere seguir loitando para que no órgano de representación de todos os funcionarios e funcionarias da Universidade de Vigo atopen respostas as súas demandas e necesidades, independentemente da súa condición laboral ou pertenza a un colectivo.

CCOO é un **sindicato de clase e unitario** e temos claro que é o momento de cambiar a forma de actuar na Xunta de Persoal, xa que a confrontación constante e «o conflito polo conflito» non é a mellor maneira de defender os intereses do persoal que representamos



*ti gañas*

Este programa que che presentamos recolle algúns dos aspectos nos que traballaremos os próximos catro anos:

## IGUALDADE E CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E FAMILIAR

O pasado mes de xaneiro, a Universidade de Vigo trasladounos a proposta a todo os órganos de representación dun Plan Concilia para a Universidade, que topou coa postura obstrucionista, tamén nesta cuestión, do sindicato maioritario na actualidade.

- CCOO apoia a negociación e posta en marcha dun Plan Concilia claro, que recolla todos os dereitos que nos asisten ao PAS funcionario na nosa vida laboral e familiar.
- CCOO fará as propostas necesarias para garantir a corresponsabilidade como paso decisivo cara á igualdade.
- CCOO traballará para que o acordo que se acade recolla non só os dereitos que actualmente temos consolidados os dous colectivos PAS desta Universidade, senón tamén aqueles outros que a Administración xeral do Estado poida aprobar.
- CCOO traballará a prol da consecución do horario flexible.

## RETRIBUCIÓN

- Inclusión dunha cláusula de revisión anual automática para evitar as conxelacións salariais que os funcionarios e funcionarias vimos sufrindo nestes últimos anos, co obxectivo de, como mínimo, manter o poder adquisitivo.
- Quinquenios de formación.
- Axudas de custo de igual contía para todos os grupos.
- Establecemento de complementos específicos mínimos para cada nivel, de xeito que non dependamos de futuras subas salariais da comunidade autónoma.
- Consecución de produtividade variable mediante un procedemento de avaliación.
- Inclusión no complemento específico das retribucións correspondentes a cargos académicos que ocupe o PAS.

## SERVIZO DE BIBLIOTECA UNIVERSITARIA

Ao cabo de catro anos comprobamos que, lamentablemente, a situación da biblioteca segue sendo practicamente a mesma: sen RPT, sen promoción a facultativos, sen subas de nivel, etc., polo que moitas das nosas reivindicacións continúan viventes.

- Reforma e ampliación da RPT de bibliotecas, que recolla a figura do bibliotecario temático, a creación de niveis intermedios e o reforzo da quenda de tarde.
- Nivel 22 para os axudantes posto base.
- Singularización dos posto base, por dous motivos:
  - a) Na práctica non se fai efectiva a posibilidade de movelos cando se precisa por necesidades do servizo, e
  - b) Impide concursar a outras prazas posto base que poidan interesar.
- Nivel 24 para a Dirección da biblioteca de Torrecedeira.
- Promoción interna separada a facultativos de bibliotecas e de arquivos, con temarios e probas específicas, e que prevexan a realización de cursos preparatorios por parte da Universidade.
- Creación do Servizo de Arquivo, independente do Servizo de Biblioteca.

## FORMACIÓN

Para levar a cabo a formación, instrumento capital para a mellora da prestación profesional, é imprescindible acadar un plan de formación orientado tanto ao posto de traballo como á carreira profesional.

Para acadar este obxectivo propoñemos:

- Inclusión no plan de formación de medidas de conciliación da vida familiar.
- Quinquenios de formación.
- Fomento da formación interuniversitaria.
- Dar pulo á formación en idiomas, fundamentalmente inglés e francés.
- Aprobación e publicación do plan de formación antes de que finalice o terceiro trimestre do ano.
- Reforma e adaptación do Regulamento de formación que recolla as cuestións arriba expostas (conciliación familiar, formación interuniversitaria...).

## ACCIÓN SOCIAL

Tras a consecución e consolidación do sistema de axudas do fondo de acción social a través do procedemento de repartición, tomando como base a renda así como o mantemento dunha serie de beneficios inherentes á acción social do PAS desta Universidade tal como: plan de pensións, seguro de morte e invalidez e intercambio de PAS, CCOO márcase como obxectivo para estes próximos catro anos a consecución de:

- Fondo de acción social para a repartición de axudas deste tipo que supoña un 1,5% do total da masa salarial correspondente ao capítulo I dos orzamentos.
- Posibilidade de repartición de axudas correspondentes á atención a persoas con minusvalía física, psíquica e/ou sensorial; tratamentos de saúde do persoal, cónxuxe/parella de feito e fillos e axudas extraordinarias de xeito automático, sen agardar á resolución da Comisión.
- Axudas para a adquisición de primeira vivenda.
- Anticipos de nómina. É preciso regular este dereito para garantir que se poida aplicar por igual a todos os traballadores e traballadoras. En todo caso, a Universidade debe asegurar que o seu persoal poida dispoñer deste dereito ata un máximo de tres mensualidades sen custo ningún para o/a petionario/a.
- Regulación de axudas por xubilación para o persoal funcionario, partindo das indemnizacións previstas no convenio colectivo para o persoal laboral.
- Financiamento do seguro privado que cubra aqueles gastos sanitarios que non estean cubertos pola Seguridade Social tras a consecución da sinatura do convenio de colaboración coa empresa ADESLAS.
- Construción de garderías nos diferentes campus, co obxecto de conciliar a vida laboral e familiar de todo o PAS.
- Complemento de transporte. Complemento que cómpre regular de vez para rematar coas desigualdades producidas segundo o campus ao que pertenza o persoal (campus con transporte gratuito ao campus e outros sen ningún tipo de axuda).



Logo deste último período de catro anos totalmente perdido neste aspecto por mor dunha reestruturación da RPT nos Servizos Centrais, cuxo único fin é ben coñecido por todos nós, e tras non abordar a fondo as necesidades reais tanto nos Servizos Centrais como nos campus, dende CCOO fixámonos como obxectivo unha profesionalización e cualificación dos postos, marcadas polo EEES e o proceso de Boloña en marcha nas universidades, que debería ter como piares básicos a reestruturación dos efectivos dos que dispoñemos, adecuándoos ás características de cada campus.

Ademais, propoñemos outras actuacións non menos importantes:

- Inclusión na RPT de funcionarios dos servizos que están a desenvolver unha serie de oficinas, áreas ou fundacións tales como I+D, ORI, OFOE, OFIX, OMA, etc. que se atopan actualmente sen dotación de persoal funcionario.
- Creación dun servizo que preste apoio na xestión dos programas vinculados á calidade, entendidos como programas que buscan unha participación máis horizontal na mellora dos procedementos.
- Estrutura administrativa que preste apoio ás unidades de seguridade e hixiene no traballo.
- Elaboración e aplicación dunhas normas de xestión da RPT.
- Eliminación dos postos de libre designación, cada vez menos xustificadas.
- Creación de unidades de apoio á docencia e á investigación. Entendemos que estas unidades poderían implantarse, segundo o seu volume de traballo (cursos de especialización, másteres, proxectos, etc.), nos campus, ámbitos e mesmo nos centros.
- Establecemento de niveis intermedios (23, 24) que eviten os saltos que se producen actualmente entre postos xerarquicamente consecutivos.

## FUNCIONAMENTO XUNTA DE PERSOAL

CCOO leva moitos anos demandando e denunciando a falta dun regulamento interno da Xunta de Persoal, cuestión de capital importancia para regular as relacións do órgano de representación coa Administración. Tras a aprobación do Estatuto básico do empregado público no ano 2007, esta cuestión é inescusable.

Despois do proceso electoral volveremos formular esta cuestión, non é de recibo ter trece representantes na Xunta de Persoal se non se modifica a repartición de responsabilidades. Por iso defendemos que, á parte do presidente ou presidenta e o secretario ou secretaria, que teñen definidas as súas funcións e responsabilidades, cada membro da Xunta de Persoal teña a responsabilidade directa sobre unha área concreta de actuación.

Así mesmo, denunciaremos a opacidade coa que se xestiona o orzamento da Xunta de Persoal, sen xustificación ningunha.

Como medidas de desenvolvemento dunha auténtica cultura sindical, propoñemos:

- Elaboración e aprobación dun Regulamento da Xunta de Persoal.
- Control exhaustivo do gasto do orzamento da Xunta de Persoal.
- Participación sindical aberta na elaboración da programación de actividades de ocio, deportivas e de conciliación, como o Campus Camp.
- Potenciación e racionalización do uso da web da Xunta de PAS, así como dos comunicados saídos da Xunta de Persoal.
- Participación nun proxecto de cooperación solidaria con ONG e organismos internacionais de desenvolvemento.





**VOTA  
CCOO**

**Programa electoral de CCOO  
Eleccións á Xunta de Persoal 2010**

---

**VISITA:**

**[http://webs.uvigo.es/ccoo/ccoo/elecciones\\_pasf\\_10.html](http://webs.uvigo.es/ccoo/ccoo/elecciones_pasf_10.html)**